

A NOSA MISIÓN

O **plan comunitario de Teis** é unha entidade que persigue o interese común e o dereito da veciñanza de Teis a estruturarse e autoorganizarse para participar de maneira activa na resolución dos seus problemas.

Por iso utilizamos unha metodoloxía de traballo comunitaria, fundamentada na participación informada, fomentando os valores e potencialidades da veciñanza, como fórmula efectiva, eficaz e eficiente de desenvolvemento comunitario.

A NOSA VISIÓN

Todas as súas actuacións se rixen polos seguintes **CRITERIOS PARTICIPADOS:**

- **UNIVERSALIDADE**
- **INTEGRALIDADE** das propostas.
- **GLOBALIDADE** das accións.
- **TRANSVERSALIDADE** dos principios.
- **COORDINACIÓN** dos servizos, institucións e axentes sociais.
- **PREVENCIÓN** de situacións de exclusión.

OS NOSOS VALORES

- **RESPONSABILIDADE E COMPROMISO** coas persoas e colectivos sociais, respectando os seus dereitos, a súa dignidade e a súa liberdade de elección e de decisión, concedéndolle á comunidade o seu espazo como protagonista do proceso comunitario.
- **PROFESIONALIDADE:** concedendolle ás e ós profesionais o seu espazo como protagonistas do proceso comunitario.
- **TRABALLO COORDINADO DE EQUIPA:** onde colaboran comunidade, profesionais e admón., artellando solucións e dandolle unha cobertura integral- desde o punto de vista profesional- ás demandas e necesidades xurdidas no ámbito do desenvolvemento comunitario.
- Compromiso coa ética e as **BOAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS:** coherentemente coa nosa misión e os nosos valores, o desempeño da práctica profesional fundaméntanse nos principios éticos (recollido no código deontolóxico de traballo social) de: dignidade, liberdade, igualdade e respecto; Superación de categorizacións –etiquetamentos-, ausencia de xuízos de valor, personalización e promoción integral das persoas; Igualdade de oportunidades e de acceso aos dereitos de equidade e de participación; Solidaridade, xustiza social, autonomía e autodeterminación; Responsabilidade e corresponsabilidade; Coherencia profesional, colaboración profesional e integridade.